

Substitúe a Luis Felipe Llamas Gómez

JAVIER SANCHO HERNÁNDEZ, NOVO DIRECTOR DA REFINERÍA DA CORUÑA

Repsol aprobou o nomeamento de Javier Sancho Hernández como novo director da Refinería da Coruña, en substitución de Luís Felipe Llamas Gómez, quen pasa a ocupar a Dirección de Refino de Repsol en Perú, país no que a compañía ten unha Refinería. Estes cambios enmárcanse na nova estrutura organizativa que aprobou Repsol e que están en liña coa estratexia global de anticiparse aos novos retos do sector enerxético, profundar nas fortalezas e maximizar os recursos, co fin de lograr os mellores resultados na consecución do Plan Estratéxico 2016-2020.

Javier Sancho Hernández é licenciado en Ciencias Químicas pola Universidade de Barcelona e Máster no Programa de Desenvolvemento de Directivos pola escola de negocios IESE. Ingresou en Repsol en agosto de 1991 e nos seus máis de 25 anos na compañía ocupou diversos postos no Complexo Industrial de Tarragona, nos departamentos de Xestión de Calidade, Laboratorio, Procesos, Produción, Planificación e Control, e Seguridade. En 2007 foi nomeado Subdirector de Servizos Técnicos e en 2008, Subdirector de Seguridade, Calidade e Medio Ambiente do Complexo Industrial. En 2012 asumiu o cargo de Director Xeral de Asfaltos Españóis (ASESA), empresa participada por Repsol e Cepsa dedicada ao refino do petróleo e especializada na produción de betún asfáltico, posto que desempeñou ata a actualidade. No ámbito da Asociación Empresarial Química de Tarragona (AEQT), en 2012 foi nomeado Presidente da Comisión de Medio Ambiente e en 2014, Vicepresidente da Asociación.

Luis Felipe Llamas Gómez é licenciado en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela e conta cun Máster no Programa de Desenvolvemento de Directivos pola escola de negocios IESE. Nos seus case 30 anos en Repsol, onde comezou a súa vida profesional en 1990, ocupou os cargos de Técnico de Procesos, Xefe de Unidades de Coquización, Xefe de Conversión e Xefe de Refinería na Coruña, ata que en 2008 foi nomeado Director de Produción do Complexo Industrial de Repsol en Tarragona. En 2011 regresou á Coruña para facerse cargo da Dirección da Refinería, cargo que ocupará ata a súa incorporación na área de Refino de Repsol Perú.



Javier Sancho Hernández,
novo Director da Refinería de
Repsol na Coruña



Luis Felipe Llamas Gómez,
novo Director de Refino de
Repsol en Perú